

DECRETO DE ALCALDÍA

Asunto: convocatoria sesión extraordinaria Concello Pleno

Motivación celebración sesión extraordinaria: Rematando o prazo para remitir a documentación á Deputación Provincial da Coruña o día 5 de febreiro de 2021, que deberá ser aprobada polo Pleno da Corporación

Enterado da relación de expedientes,

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a **SESIÓN EXTRAORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **3 DE FEBREIRO DE 2021 (MÉRCORES)**, ás **20:30 horas (OITO E MEDIA DO SERÁN)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1	APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2021
2	APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS POS +ADICIONAL 1/2021

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito, así como do recibo da/s acta/s da/s sesión/s do Concello Pleno para a súa aprobación:

APELIDOS E NOME	GRUPO POLÍTICO	TIPO NOTIFICACIÓN
BARBEIRA GARCÍA, DAVID	Grupo mixto (CxG)	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
POSE RODRÍGUEZ, MARIA JOSEFA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ESPASANDÍN TURNES, MARÍA ESTHER	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO

CANCELA BLANCO, SILVIA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
GARCÍA SUÁREZ, JOSÉ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
IGLESIAS MOURO, MANUEL ANDRÉS	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
RODRÍGUEZ TORREIRA, JOSÉ MANUEL	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
UCHA VELO, JOSÉ ANTONIO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
FAJÍN BARREIRO, CRISTINA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
TURNES ROMERO, CARLOS	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
RUZO BLANCO, BLANCA MARÍA CARMEN	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ESPASANDÍN MARTÍNEZ, JOSÉ MARÍA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ANTELO ÁLVAREZ, JESSICA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO

A copia dos proxectos técnicos do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) " POS+2021", xa foi remitida co oficio da alcaldía co asunto: documentación complementaria Pleno sesión ordinaria 210122, asinado con data 20/01/2021 e con rexistro de saída núm. 202100000000233.

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba *(na data da sinatura electrónica deste documento)*

O alcalde

David Barbeira García

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada